




168

# A NOSA TERRA

---

Idearium da "Irmandade da Fala" en Galicia  
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



---

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-  
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos: A CRUÑA

# "LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN  
Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación con habitacións independentes. Preto das administracións dos coches ao ferrocarril e a Santiago

**PRECIOS EÇONOMICOS**

# CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

# NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñás millores os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouthe máis selecto de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.ª piso-A Cruña

# Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incluída prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursales nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano. . . . .	4	"	"
A máis prazo . . . . .		convencional	


Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.



# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VI — NÚMERO 168 — 15 AGOSTO 1922

¿...? Por Camilo Díaz



Por esta porta pasan os pequenos, os baixos de alma e os que ffacilmente tocan coa testa no chao; mais aqueles que non poden domearse, non pasan. Os que salten o muro, quedarán cravados nas puntas de ferro. ¡E a estreliña sempre:.. sempre seguirá estando lonxana...!

## Unha asamblea histórica

# O Congreso Agrario de Tuy

Nos derradeiros días do mes de Santiago celebrouse o Congreso regional agrario, organizado pola Federación provincial agraria de Ourense. Asistiron centos de representantes; había 311 representados máis de cincuenta mil labregos asociados; innumerables foron as adhesións recibidas; a Irmandade da Cruña tamén mandou a súa. O derradeiro día deuse un mitin ó que asistiron moitos milleiros de persoas, e celebrouse un banquete de agasallo ó presidente do Congreso, Basilio Alvarez, alma-mater da actual renascencia agraria.

Foron moitos os temas estudados e impresionantes as conclusións aprobadas. Os principais xornales de Galicia as espallaron ós catro ventos; porí so supoñémol-as conosciñas xa dos nosos lectores, evitándonse o copial-as, porque o pouco espazo de que dispoñemos queremos-o reservar para o comentario de que é merecente a trascendencia do Congreso.

Faía anos que en Galicia non se celebraba unha Asamblea agraria, regional como lle chama aínda a maioría da xente, nacional como comple chamalle d'agora en pra diante. A derradeira fora a sétima Asamblea agraria celebrada fai tres anos na Cruña, que rematou como o rosario da aurora, porque caera en mans de caciques, e os labregos xa feñen a conciencia desperta para non deixarse mandar coma carneiros. Denantes habíanse celebrado as famosas Asambleas de Montforte, que botaron-as bases de ideoloxía agraria galega, pero tiveran o defeito de seren unhas Asambleas excesivamente gubernamentales, unhas Asambleas de estudo oxetivo dos problemas, sin que nelas se sintise a acesa rebeldía dos nosos agros; eran unhas Asambleas de xentes que inda non se atrevían a reclamar de cheo as súas liberdades e os seus dereitos cidadáns, donde as solucións buscadas aos problemas eran todas elas solucións inspiradas no máximo respecto ós poderes constituídos.

O Congreso agrario de Tuy distanciou-se d'esta orientación algo deprimente das anteriores Asambleas; n-este Congreso os agrarios déronse conta da súa verdadeira soberanía, e non formularon peticións de subordinación a superiores, sinon que verdadeiramente legislaron como un novo poder do pobo, slar e conta para nada nin importarlles pouco nin moito que os suas conclusións—poidéramos dicir as suas leis—señan ou non tomadas en consideración pol-os poderes públicos, xa que os agrarios non reconecen lexitimidade ás actuais representacións políticas, nascidas da usurpación e do caciquismo, e ademais eles considéranse con poder d'abondo pra levar á práctica os seus acordos. Por iso este Congreso agrario fixo aluzmar na conciencia dos labregos a necesidade d'un novo poder saído d'entre eles mesmos, feitura d'eles, sin misturas de xente allea, para rexir os destinos do agro galego; e o Congreso foi o xermolo d'ise novo poder. E ista é a única solución pra os problemas de Galicia: frente o poder artificial, legalista, usurpado, que vive somentes na "Gaceta", no presuposto e nas organizacións dos caciques, mais sin ensamblamento no pobo, hay que crear o poder real, vivo, democrático e trunfal do pobo dono de sí mesmo.

As asambleas agrarias celebradas hasta d'agora en Galicia estudaban-os problemas dos nosos agros con certa austra-

ción da realidade, e con criterios particularistas, i-excesivamente técnicos, por non cárense conta de que os problemas non poden ter unha solución isolada e parcial, sinon que hay que resolvel-os d'un xeito integral; en troques na Asamblea de Tuy os labregos déronse conta de que nada lles valerá a posesión das terras para traballal-as, si non dispoñen de liberdade para gobernar isas terras, para administral-as, para implantar a xusticia nos impostos, para restaurar a equidade nas relacións xurídicas; é dicir, chegaron ó convencimento de que o que traballa a terra tén que gobernal-a e dirixil-a. Por iso se lderon conta de que ademais de labregos eran cidadáns galegos, e como tales pidiron a autonomía pra Galicia, porque namentras Galicia seña escrava no seu dereito, na súa lingua, na súa cultura, na administración dos seus intereses e das súas xentes, non poderá haber liberdade para a terra nin para quen-a traballa.

Nós felicitámonos do gran éxito outido pol-o Congreso agrario de Tuy. N-el tamén quedaron botadal-as bases da nova organización agraria, composta denantes de sociedades isoladas, que agora confederaríanse a eito para constituir o novo poder soberán e trunfal do pobo galego. Nós saudamos aos congresistas como os primeiros legisladores d'unha nova Galicia libre vivindo abundante e gloriosa na liberdade das súas terras e dos seus fillos. Nós sinalamos a data do Congreso como unha data histórica, unha data que sempre recendera a fidalguía, a democracia e a apostolado na futura Historia de Galicia.

\*\*\*

Días despois de se celebrare este Congreso, deuse un mitin agrario n-Ourense, onde falaram Melquiades Alvarez e Basilio Alvarez; según os telegramas da prensa o derradeiro voceramos a don Melquiades como Xefe do agrarismo galego. Por térmonos aderido o Congreso de Tuy, vémosos obrigados a manifestar a nosa disconformidade con esa proclamación, pois Galicia debe ser dirixida samente por galegos. Pol-o demais a actuación do gran loitador Basilio Alvarez e para nós sempre merecente do maior respecto, porque sempre está inspirada n-un aceso e puro patriotismo, e por iso mesmo que temos confianza na gran eficacia da súa labor agraria, sómolois primeiros en doermos d'esta disparidade, que por outra parte codamos circunstancial e pasaxeira, co noso credo nacionalista.

## Gramática do Idioma Galego

Por M. LUGRIS FREIRE, académico de número da "Real Academia Gallega"

**Este novo libro contén un estudo sintético e integral do noso idioma; e na fonética e morfoloxía resolve total-as dúbidas en col do emprego das voces. A Sintáxis é completa e clara, fixando regras seguras para o bon orde das palabras na oración.**

**Leva como aditamentos os nomes de persoas, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa dos principás castellanismos, mostras literarias escolleitas e un vocabulario galego-castelán.**

**Véndese a 3'50 pesetas o exemprar na librería e imprenta de «Zincke Hermanos», Cantón Grande, 21 - A Cruña.**



# O DIA DE GALICIA na Cruña

Con solemnidade grande celebrouse este ano o Día de Galicia. Foi un día de exaltación espiritual sin argalladas nin trouas. Cada ano toma maior afinamento e reverencia-se mais o costume establecido, de celebrar o Día da Patria.

\*\*\*

De mañán cedo, os cañeiros saíron pol-as rúas dando a alborada.

O Concello izou no Pazo municipal a bandeira galega, así como tamén a Academia Galega, a Irmandade da Fala e a meritiniana e culta Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, a sociedade máis popular e prestixiosa de Galicia. O circo de Artesanos como chama o pobo, sempre recolleu e ergueu todas aquelas iniciativas que trañesen de enaltecer a personalidade da Terra, acollendo aos nosos artistas e homes da nosa intelectualidade.

Moltes particulares e irmáns, puxeron nos baleiros bandeiras galegas. Unha nota interesante, douna a casa de baños "La Salud". Este ano fixo a inauguración da súa praia en Riazor, no día de Galicia. Todol-os anos abundaron en Riazor as cores avermelladas e amarela; mais este ano "La Salud" trocou a pintura das casetas do baño, e foron izadas nos doce mástiles, outras tantas bandeiras de Galicia. Por certo que fai un grande contraste coa praia municipal, avermellada en toda a súa extensión. O noso agradecemento a don Ramón Dorrego.

\*\*\*

As orquestras do balneario, dirixida polo popular maestro Erax; o sexteto de profesores da Sinfónica de Madrid que actúa no pazo "La Terraza" dirixida polo simpático mestre valenciano don Manuel Calvo; a orquestra de elementos formados por mestres da Sinfónica de Madrid, do Conservatorio de música de Barcelona, e do Teatro Real dirixidos por don Luis Cracia que actúa no kiosco "Alfonso"; e a banda do reximento de Isabel la Católica, executaron nos concertos da tarde e da noite programas da música galega. Foron moi apraudidos e gabados.

\*\*\*

O noso boletín A NOSA TERRA, foi moi gabado pola presentación e actualidade das firmas do seu texto. De moitos puntos de Galicia e extranxeiro temos recibido cartas de felicitación e alento. O diario "A Aurora do Limia" de Valença do Minho, e "Alborada", de Pontevedra, mandáron-os os seus números extraordinarios dos que falamos por separado.

Na data do 25 dou comenzo a publicación do xornal de Vigo "Galicia" un diario ben feito e de carácter galleguista. Nos primeiros días da súa saída esgotáron-se as edicións.

\*\*\*

Un numeroso grupo de nacionalistas da Cruña, reuníronse en fraternal xantar no gran restaurant Rialda situado na veira da rúa do Burgo. Ao destapanar o champagne galego da Remallosa, pronuncíáronse en voz alta facendo-se sobresaír pola grande emoción do seu verbo, o vello loitador e dramaturgo Manuel Lugo Freire, quen ao rematar pediu un minuto de meditación.

Ao Herradeiro cantáronse os hinos galego e portugués.

\*\*\*

As dez da noite, fixo-se no Teatro Rosalía Castro, a festa galega organizada polo coro "Cántigas da Terra".

O teatro estaba completamente cheo. Nos palcos figuraban bandirras galegas de varios particulares, e a bandeira bordada en ouro prata e sedas de cores, da Irmandade da Fala na Cruña. No palco de honor, estaba colocada a enseña do coro "Cántigas da Terra" regalada por Catalunya. Presidían o acto, os presidentes do coro señor Castillo, e señor Monteagudo; o Conselleiro 2.º da "Irmandade da Fala", na Cruña; presidente e director do coro "Luciñumes dos Pinos"; representante da Academia Galega, e o dramaturgo e poeta señor Lugo Freire.

Antes de comenzo o acto, o presidente do coro "Cántigas da Terra" don A. del Castillo, dou lectura as seguintes cuartillas, que son moi apraudidas pola concurrencia.

## No día de Galicia

Donas e señores: O coro "Cántigas da Terra", que agradece a vosa presenza, quixo no día da nosa festa xuntar a todos aqueles que sinten no peito as ansias da terra, para que o sentimento da patria e a concencia do noso valer tiveran uns momentos de louba e de agarimo para nosa querida Galicia.

E aquí nos tedes: rabeando mozas e mozos por salire a votar as suas cantigas que tanto acenden as vosas almas xenerosas. Mais pensade que no día de hoxe, pensade que é o día da nosa terra, que si sempre hai que sentila preto do corazón e querela como nai, hoxe hai que adoralo como sagro ideal d'unha raza, nunca morta, que desperta con movementos de xigante.

As nosas cantigas oíredelas ás veces mainiñas, como as doces parolas das mais cando arrolan contra o seo aos picariños dormentes, e as vecés tamén garimosas como os amores que verte o galán a rentes da moza engayolada, que mostra nos ollos o lume do corazón. Semellan as veces cánticos relixiosos misturados con rezos de monxes ou salayos de doridas mulleres que fincan de xionllos nas pedras d'un mosteiro, acoradas polo peso das suas penas, d'esas de acio amargor que non teñen remedio no mundo. Outras xurden como aturuxos de guerra, como aqueles que rezoaban no peituril das vellas fortalezas, cando asoballaban a terra extranos e cativos homes trocados en feras que arripiaban. Teñen as veces aromas de rosas e carabéles, e outras de piornos e penuche, e sempre lembranzas de souts e carballos, de ruadas e procesións, de días de festa e romaxe...

As cantigas da nosa terra son todo eso, son queixumes e son ansias, son amores e tristuras, son noxos e son berros que as veces saen fungando entre os dentes pechos pola carraxe que estala no peito: así fédel-os que ouvir, así deben chegar ao fondo da vosa alma; non son argalladas de xente pintureira, son arrolos do noso berce, son aromas do agro galego, das nosas ridentes mariñas, das nosas ergueitas montañas.

Pensade que hoxe é o día da nosa terra, no que toliña brinca e toulea a i-alma dos nosos irmaos aló en terras alleas, pensando na sua, pensando nos seus, pensando en nós, e tede para eles, pra todol-os que ximen fora da terra, e que hoxe, ao se votare no leito, morriñentos, pecharán os ollos con bágoas pensando na terra dos seus amores, unha lembranza garimosa que nos estreite a todos no sagro ideal da patria galega.

A. del Castillo.

\*\*\*

Seguidamente, dou comenzo a festa na que o coro dou a coñecer moitas e ben escollidas cantigas do noso agro, das nosas montañas e das nosa incomparables mariñas, sendo ovacionado ao remate de cada unha.

O entusiasmo delirante, foi ao rematar de bailar a muiñeira, inaxistramente por certo, catro parexas de fermosas rapazas e garzidos mozos, tendo-a que repetir até tres veces.

Ao remate cantouse o himno galego que foi coreado polo público posto en pé.

Foi unha noite subrime, inesquecible, de fondo patriotismo. Somentemente unha cousa foi censurada polo-as asistentes á festa, e foi, o desacerto ao elixir a obra de teatro representada. Nunha festa tan solemne, non é propio de representar choqueladas de mal gusto. E vai sendo tempo de decirles con grande elocuencia a certos autores, que aqueles tempos de tranguillada pasaron para non volver a desprestixiar.

\*\*\*

A saída do teatro, o coro "Cántigas da Terra" recorreu as rúas saudando aos xornales e a Irmandade da Fala.

Eran as dúas da madrugada, cando entrou na Irmandade.

e coro, seguido de centos de persoas que o victoreaban, enchendo por completo o noso local social. Ao rematar de cantar unha ruada, falou o noso irmán Manuel Lugo, dándolles as grazas pol-o acto de confraternidade que acabábase de facer e pregando que os mozos e mozas que forman o coro, acochen ne seu corazón o agarimo grande e santo á Patria Galega.

O presidente do coro señor Castillo, visiblemente emocionado pol-as palabras do señor Lugo, dixo que él non podía falar coa elocuencia que quixera; mais que o indicio a contestar, era o coro e pol-o tanto que a contestación do coro, non debía ser outra que cantar o himno galego coreado pol-os concurrentes. Ao remate estalou unha ovación como non se lembra outra. Déronse vivas a "Irmandade da Fala", ao coro "Cántigas da Terra" e a liberdade de Patria.

Foi un fermoso remate do Día de Galicia que ninguén esquecerá.

## Día de Galiza

Ourense, 25 Santiago, 1922.

Saúda cordialmente a esa Irmandade e deséxalle as maiores prosperidades e triunfos.

VICENTE RISCO.

¡TERRA A NOSA!

Madrid, Julio, Día de Galiza, 1922.

Pr'os irmaos nazionalistas da Cruña.

Irmaos: Na data memorabel de oxe en que todos os bós galegos recollémo-nos nun só pensamento, cheo de lus, que espresa esta verba: Terra, eu lebro-me de vós ó enviar-vos o meu saúdo máis cordial, a miña aperta de irmandade mellor: que é tamén a expresión dun berro ateigado de vontade nazionalista e saudade criadora.

¡Avante, compañeiros na loita!

Galiza olla para nós nun gestición d'amor infinito, vé a esperanza lumiosa da estrela roxa, escintilante que s'aproxima nunha arela imorrente de liberación; mais precisa da nosa axuda, pr'o seu final erguemento.

Saúde e Patria irmaos.

CORTON DO ARROYO.

No próisimo número seguiremos publicando as conferencias do noso querido irmán o malogrado Luís Porteiro Garea

# MANIFESTO

## Asamblea de Mocidades Nacionalistas Ibéricas

### A total-as Mocidades Nacionalistas da Hespaña e de Portugal

Irmaos nacionalistas da Iberia: Hasta fai poucos anos samente catalás e vascos defendían na Hespaña centralista as libertades dos seus pobos coa mesma puxanza con que sempre as defenderan contra da absorción imperialista das dinastías extranxeiras, que dende a Edade Media quixeron facer dos pobos libres e civilizados da Iberia unha unidade artificial, escravizante e bárbara.

Ises bravos patriotas eran-os únicos que poñían unha nota de quente emoción no panorama espiritual da Hespaña, escuro e frío coma unha invernía. Da outra banda, o irmán Portugal dábanos as costas, receloso e precavido, sin poder entenderse con noso, porque él tamén sufrira n-outro os azos imperialistas dos Reis de Castela; e na veira-mar do Atlántico acochaba con agarimo a súa soberanía, porque dábase conta de que da terra e non do mar podería vir o perigo contra das súas libertades.

Pero a Historia da Civilización non se construye con fenómenos patolóxicos. Por iso Hespaña, dende que conquistou o seu artificial unitarismo, quedou ó marxen da vida civilizada, sin aportar á Historia da Humanidade máis que unha negra sombra tráxica que foi cubrindo a través dos tempos o lumioso resplendor dos pobos ibéricos.

Baixo esa negra sombra latexaban as enerxías de Aragón, a cuna das libertades cidadanas, que alumeara ao mundo o verdadeiro espírito da democracia moderna; a Andalucía, a Raíña da Civilización medieval, arrolando no mar azul lembranzas da fuxida grandeza; a Valencia dos xardís enmoigados, cultivando nas súas frores, coma noiva para unhas nupcias con tempos máis espréndidos; a mesma Castela, a cincuenta da Hespaña, que sofre todo o peso das glorias macabras do centralismo; e a nosa Galicia...

E non podían perdérese istos pobos para a vida da Humanidade. Por iso oxe, ó tempo que a Hespaña se afunde, xurden con máis forza todos os pobos ibéricos, entoando comúns arelas de liberdade, coma unha sinfonía civilizadora.

E á voz de Cataluña e de Vasconia xúntanse voces de todos os recunchos da Hespaña. No Aragón, na Andalucía, Valencia e Galicia toda a mocidade xenerosa, toda a mocidade que leva un pensamento ou un amor na y-alma, xúntase en

organizaciós nacionalistas; na mesma Castela os espíritos máis escolleitos danse conta de que somentes a Hespaña poderá ter salvación deixando o camiño a unha nova Iberia libre, cimentada na liberdade e fraternidade dos seus pobos.

Todos os nacionalistas da Hespaña comulgamos no mesmo ideal: recadar para os nosos pobos o dereito a interrogar e dirixir os seus destinos; liberdade para interpretar o espírito de xusticia que xermola nos sentimentos de cada pobo; liberdade para traballar as nosas terras; liberdade para adeministrar os nosos cargos; liberdade para construír as almas dos nosos fillos—ja nosa Patria futura!—coo insino arrincado á entrañas das nosas terras, dos nosos costumes, das nosas tradicións; liberdade, n-cunha verba, para poder aportar a Civilización da Humanidade o fecundo esforzo das nosas artes, das nosas ciencias, dos nosos traballos e das nosas culturas. Queremos tamén os nacionalistas, en substitución d'unha Hespaña imperialista e decadente, que non é máis que unha unión mecánica de pobos escravizados, crear a futura Iberia, que será unha confederación orgánica de pobos libres e democratas; unha confederación de Estados libres, na que cada un entre por vontade propia e nunca por imposición allea. Queremos reintegrarnos á Civilización europea, da que nos tén separados o Estado hespañol. Queremos facer o gran solar ibérico, para que n-él podan fecundarse as vidas d'Europa e da América.

A experiencia de vascos e catalás tennos demostrado duas verdades: que nada se conquista con movementos isolados; e que tampouco se conquista nada con representacións politecas que parlamenten co Estado hespañol. Temos que xuntarnos todos para crear unha forza superior á do Estado, non cimentada en cativas organizacións politecas, sinon na conciencia unánime dos nosos pobos, afinándonos d'unha vez para sempre no convencemento de que a razón somentes nos será reconhecida cando a seipamos acompañar coa forza das nosas organizacións.

O irmán Portugal non pode esquecerse de que si o Estado hespañol intentou asoballalo, en troques os pobos da Hespaña cando loitaban pol-as súas libertades, nos tempos de Felipe IV, contribuíron a que Portugal conquistase a liberdade sua. Scmos, pois, todos irmáns na loita pol-as mesmas arelas e ideais, e si Portugal fai xa tempo que conquistou a vitoria, non pode esquecerse de que unha Hespaña unitaria sempre significará para él un grave perigo, y en troques n-unha Iberia de Estados libres terá infinitas posibilidades de grandeza, porque non pode esquecerse tampouco e sobre todo de que Galicia tén con él afinidades de raza, de lingua, de cultura e de sentimentos tan fortes, que chaman a berros pol-a



unión dos dous pobos. Iste é o camiño que as leis da Natureza e da Historia nos marcan. Ista é tamen unha obriga que temos os pobos da Iberia de nos xuntar para facer no Ocidente da Europa o foco da nova Civilización, que ollando para a inmensa América, e libre dos perigos do Ourente, alumee o camiño dos mundos novos.

Faise precisa, de inaprazable urxencia, unha estreita e permanente colaboración de todos os nacionalismos da Iberia. As novas ideas queren procedimentos novos e almas novas. As vellas xeneracións teñen a conciencia embotada e callosa polo rodar dos séculos. Por iso o trunfo do noso Ideal tén que ser obra das mocedades. E por iso nós, representantes da mocidade galega, nos diriximos a todas as mocedades ibéricas. Para o traballo común temos denantes que conoscernos, fixar os nosos programas e o noso plán de loita; temos que demostrar que na vella Hespaña os nacionalistas somol-ós únicos que representamos unha ideoloxía armonizadora e construtiva; os únicos "antiseparatistas", porque na desfeita de todos os valores morales que se está operando na Hespaña, onde cada hispanol vive nun isolamento espiritual, como obedecendo ó berro traxico de "¡sálvese quen poida!", samente nós sabemos tratarnos con amore de irmáns.

Debemos, pois, xuntarnos todos nunha gran Asamblea de mocedades nacionalistas da Iberia. Non compre agardar máis. Podemos e debemos facelo no próximo Outono en calquera cidade da Península. Máis pola súa situación estratéxica, permitímonos sinalar a cidade de Zaragoza. E ós aragoneses trindamos o desenvolvemento e organización da iniciativa, si alí se acorda celebrala.

Non queremos esbozar un programa, porque o noso fin é samente espallala idea ós catro ventos, pra que todos a recollan e máis acertados ou máis audaces que nós, a amplíen e vigoricen. Permitímonos empurriso invitar a todos a que pensen que faise preciso fixar na Asamblea as bases da Confederación Ibérica; creare un organismo que a represente; crear tamen orgos na prensa; facer un plán de intercambio de propaganda das nosas mocedades; e estudar tamen as nosas relacións con Portugal, pensando en que pra os nacionalistas non deben existir as fronteiras artificiosas dos Estados.

Eiquí na Galicia hay moitos orgaismos nacionalistas que levan vida autónoma, como tamen os hay nas demais nacionalidades. Nós dirixímonos a todos. Cómplenos, pois, facer unha chamada de irmáns a todos os nacionalistas galegos que non están representados na nosa organización, na seguranza de que todos acudirán ó chamamento, como nós acudiremos a todos os que eles nos fagan. E polo derradeiro temos que dicir ós nacionalistas da Iberia que non nos diriximos a organizacións determinadas, sinón a todas cantas haxa, e tamen ós nacionalistas que inda non pertencen a ningunha, porque todos temos obriga de axudar a grande obra: todos nós temos que ser parte do gran movemento glorioso que hemos de ofrendar á Civilización da Humanidade, creando a grande Iberia na fraternidade dos seus pobos, conquistada pola fraternidade dos seus fillos.

**¡MOCADES NACIONALISTAS DA IBERIA: XUNTEMONOS TODAS, PORQUE NA NOSA XUNTANZA ESTA A LIBERTADE DAS NOSAS TERRAS!**

Na Cruña, día de Santiago do ano mil novecentos vintedous.

### Pol-as "Irmandades da Fala"

Carlos Monasterio  
Segretario.

Jhoan U. Uiqueira,  
Primeiro Conselleiro.

\*\*\*

A Irmandade da Fala espallou profusamente iste Manifesto, que oxe publicamos por si algú dos nosos moitos lectores o non teñen recibido por separado, e tamen para que quede na colección do noso Boletín.

A idea caíu como semente en terra de outonia: de todas partes temos xa recibidas adhesións entusiastas e valiosísimas. A prensa tamen se ven ocupando do manifesto, reconecendo

todos a gran trascendencia que a Asamblea ha de ter. No próximo número ocuparémolos estensamente dos traballos que eiquí e por fora se veñen facendo en col d'ista Asamblea. Por oxe, réstanos un garimoso saúdo a canta hasta d'agora se teñen aderido.

### Na "Reunión de Artesanos"

## A Exposición de Imeldo Corral



Con un grande éxito, foi aberta na data do 29 do pasado mes, a exposición do noso grande paisaxista o irmán Imeldo Corral.

Conocíamolo a Imeldo Corral como creadore d'unha arte nova no paisaxe galego. As saudosas e medoñentas corredoiras feridas na suas sombras por unha raiola leda; o castiñeiro frórido coas suas candeas; o couce do pino que fica no monte, os prados con milleiros de ventos enmiguizados; o mufío cinguído pol-as edreiras; e tantas e tantas lembranzas da nosa paisaxe que Imeldo trata de xeito até hoxe inimitable.

Hoxe presentábase como creadore de mariñas. Todos os pintores que trataron de levar á tea as nosas praias, as nosas riveiras, os nosos cons, e as variantes rebaleiras das nosas costas, alíparon decote c-un incomente que non chegaron a salvar. Imeldo Corral entra de cheo no segredo da cor das nosas mariñas e manifestase de maneira grande como un enorme mariñista.

Para Imeldo, non hai dificultades, nos neboiros, nas mareiras, nin nos remansos das illas e carnoedos; as celaxes, a caraxia e o sol que se pón, shven-llé, ao noso Imeldo, para crear a beleza do noso atlántico-mar.

Dos trinta e oito cadros que hoxe amosa Imeldo Corral, son verdadeiras preciosidades os que nomea: "A escuma das rocas", "Areal de Castelo", "O areal de Doniños", "As torres do mar" (Fronseira), "Areal de San Xurxo", "Praia das cunchas", "Penas da morte" e "Pena dos patos".

A nosa embora ao querido irmán e facemos votos porque as obras expostas vaian ocupar o lugar que dignamente merecen.

## "Cántigas da Terra"

Este entusiasta e gabado coro cruñés envicounos a seguinte nota:

"Téndose invitado atentamente ao coro "Cántigas da Terra" polo presidente da comisión de festexos de Pentecostas ao concurso de coros galegos que se organiza para o próximo mes de Setembro, a d'reitiva d'esta colectividade acordou ratificar o acordo que tén tomado o coro de non concurrir a ningún concurso por estimar que con elo se non consegue máis que crear rivalidades entre os pobos e por ensenguer ademais

que a misión dos coros non consiste en disputar premios nin en rifar cos que hai formados na Galicia, todos coa finalidade de recoller, conservar e expallar os nosos cantos populares no medio da fraternidade e do cariño que deben existir entre cantos amas as cousas da Terra.

"Cántigas da Terra", que téñ para todos e para cada ún dos coros galegos o cariño e o respecto que lle merecen, e quer estreitar os lazos que a eles úneo, laborando con todos polo recordamento da nosa música popular e o engrandecemento da Galicia.

O presidente, Angel del Castillo. — O secretario, Federico García."

Parécenos moi ben a opinión de "Cántigas da Terra". Os coros teñen outra misión máis outa que cumprir que a de rifar entre eles. O exemplo do coro cruñés debe ser imitado por todos os de Galicia e xá é hora de ir pensando en se confederar todos para atender máis cumpridamente e mellor ao fin para que foren creados.

Facemos nosa a opinión de "Cántigas da Terra", con quen nos une unha grande e sincera amizade, e felicitámol-o por este seu patriótico e alentador xesto.

### Leros d'hirmans

## Portugal e Galiza

Tende, Galiza, teus brazos amantes,  
A' terra hirmán, qu-o teu mesmo pai tivo:  
Son vosas froles, froliñas xemeas:  
Amas durmides n-o arrollo do Miño.  
N-o seu espello mirádevos, reinas:  
N-as suas augas bañáde-los pés:  
Unha rayola vos doura e vos nimba:  
Veñen teus aires do chan portugués!

Vossas mulleres—meiguiñas d'ensoño!  
Van po-la vida, erguidas n'as audras:  
Baixo d'un pálio d'amor e honesturas,  
Po-lo sendeiro qu-abriron as Santas.  
Teñen seus ollos iguales lumiares:  
Móv'o teu ritmo, seu corpo lanzal:  
Sodes lucencios d'un soyo luceiro:  
¡Sodes roseiras d'un mesmo rosall!

Sodes paxaros qu'acougan n'un niño:  
Poulas d'un pino, qu'a pór s'arrandean:  
Xuntas n-o colo, bicóuvos a eito...  
¡Xuntas dormiuvos, a nai Natureza!  
O mesmo aceiro fundiu vosas armas:  
Sode lo sprito de braya lexión!  
Sode-las notas de prácida canta:  
¡As mesmas cordas d'un só curazón!

Vosos amores rimades n'un verbo:  
Tedes un arte; unha historia; unha vida;  
Un sóyo sangue vertedes, s-os firen:  
Sodes dous cantos d-a mesma poesía!  
A miña y-alma con fé vos benice,  
Miñas almiñas, ¡ou lampós de soll!  
Axioullada, pra vos arrinqueilles  
Unha pouliña, aos loureiros en froll!

Non vos separa-o estralixo d'un bico:  
¡Yde, hermanciños, de cara o rayolo!  
Mans n-as manciñas: os dous de braceiro:  
¡Yde, santiños!..., Qu'o porvir é voso!  
N'un mesmo altar, con fervor comulgades:  
A Virxen linda, recreas'en vós!  
N'un mesmo alento: n'un sopro diviño,  
¡Xuntas creouvos a Gracia de Dios!

Francisca Herrera e Garrido.

## Festa Galega no Teatro Rosalía

Con un cheo até o extremo de se ter rematadas as localidades, foi feita no Teatro Rosalía Castro a festa galega organizada polo coro de Pontevedra "Foliadas e Cántigas" e na que tomou parte o coro da Cruña "Cántigas da Terra."

No palco central lucía a bandeira galega, prescinda a festa os presidentes dos coros da Cruña e Pontevedra, Benigno Sanmartín e Angel del Castillo; o director de "Queixumes dos Pinos, señor Parto; O conselleiro da "Irmandade da Fala" na Cruña, e don Armando Cozarello Valledor.

Deu comenzo a festa, cantando o coro "Cántigas da Terra", algúns fermosos alalás e ruadas do seu longo e escolleito repertorio, polo que foi moi aplaudido. Representouse despois o sainete de Roxelio Riveiro "Un home de pau e ferro que gustou moito."

Seguidamente os coristas de "Foliadas e Cántigas" señores Torres e Mercadillo, cantaron algunhas melodías galegas que entusiasmaron ao auditorio.

O señor Torres, cantou moi atinadamente "Meus amores", de Baidomir, e "Lonxe da terra", de Montes, decindo moi ben con sentimento fondo. O público ovacionou-no merecidamente.

O señor Mercadillo dixo de unha maneira maxistral, a Alboráca de Rosalía Castro, causando tal emoción no público, que deliraba de entusiasmo; seguiu cantando "Unha noite na eira do trigo" de tal xeito e con unha arte verdadeiramente escalofriante.

O público soupo premiar o hó gusto e enxebriño de Mercadillo con ovacións poucas veces colleitadas e aínda cantou "Aires de Pontevedra" e "Tangaraños".

Seguiu o coro de Pontevedra cantando e bailando de maneira insuperable.

E rematou a festa cantando xuntos os coros da Cruña e Pontevedra o alalá de Padrón e o Hino Galego que a numerosa concurrencia coreaba posta en pé. Foi unha festa das que dexan longa lembranza.

Ao saír do Teatro os coros "Foliadas e Cántigas" e "Cántigas da Terra", honraron coa súa presenza o salón de actos da "Irmandade da Fala" na Cruña, onde cantaron un "desafío" e unha "ruada". Moi obrigados aos entusiastas rapaces polo seu agasallo, e facemos votos porque os seus triunfos, contribúan a que chegue axiña o día en que poñamos dicir: ¡A nosa Terra, é nosa!

## Romaxe galega na Cruña

Con motivo das Festas en honor de Maria Pita e cumprindo un dos números dos festexos, tivo lugar na noite do día 9 de mes que sigue, a grande "Romaxe Galega" na que tomaron parte os coros de Mondariz "Agarimos da Terra", "Cántigas e Agarimos", de Santiago; "Foliadas e Cántigas, de Pontevedra, e "Cántigas da Terra", da Cruña.

A praza dos touros, lugar onde foi celebrada a romaxe, estaba acubulada para conter os milleiros de persoas que asistiron á festa. O circo moi bien presentado, daba a sensación d'unha enorme eira onde non faltaba o hórreo, alleiro, carro, aparellos do traballo, etc.

O coro de Pontevedra, que é notabilísimo, cantou moi ben as ruadas, alalás, pandeiradas e demais cántigas do seu programa, sendo grandemente aplaudidos. As parexas de bailadores, foron loubadísimas polo ben que bailaron a mullieira.

A sección do coro de Mondariz "Agarimos da Terra", dou a nota de pureza galegiana, sin rebuscamentos nin efectos de teatralidade; aquela siceleza elegante das mulleres, e o baril dos homes, causaron grande emoción coas súas cántigas e bailes.

E unha grande pena que non fora daló escoltal-os no Teatro, xa que a praza dos touros é impropio para estas festas de arte.

Houbou dous momentos de verdadeira emoción: o canto da "ña" de Mondariz cántiga que entoan os labregos d'aquel agro despois de rematadas as tarefas do día, mentras non chega



o momento da merenda, e a muiñeira de roda, antigo baile que tiña desaparecido sinon se preocupara seriamente das nosas cousas, o noso querido irmán Enrique Peinador.

A muiñeira de roda, é un baile de xeito aristocrático de tal elegancia, ritmo e distinción que nada ten que embexar ao minuc. pigodón, furlana, etc. Si na clase elegante de Galicia, houbera senso común, que desgraciadamente falta, este baile sería imposto nos salóns dos ricos homes. O grupo de Mondariz bailou esta filigrana de baile, de tal xeito, que aínda non ben iniciado, gañou unhas ovacións como poucas veces se escoitan.

A nosa embora a "Agarimos da Terra" pol-a súa nota de arte e bon gusto, e en particular á acertada e sabia intervención do noso irmán Enrique Peinador que é a alma do coro de Mondariz.

O coro "Cántigas e Agarimos" de Santiago, que fixo a primeira presentación, fora de Compostela, tivo un grande e merecido éxito. E un coro máis que ven facer obra patriótica, dando sensación de bon gusto. As cántigas que brindou á concurrencia gustaron extraordinariamente, colleitando merecidas ovacións.

Do coro "Cántigas da Terra" da Cruña, nada temos que dicir que non teñamos dito. Foi ovacionado en todas as cántigas, tendo que repetir dúas que foron cantadas a catro voces. Novamente sinalamos como nota dina de louba, o moito ben que bailaron a muiñeira das Mariñas.

E agora un rogo le teremos a ledicia de que o coro "Cántigas da Terra", imponha-se no baile da "muiñeira de roda". Sería un grande acerto de que este baile sexa divulgado en Galicia e nas festas da mocidade.

Rematouse a festa cantando os catro coros o hino galego que foi escoitado relixiosamente pol-a concurrencia posta a pé. Ao remate, déronse vivas a Galicia, a Cruña, Santiago, Mondariz e Pontevedra, finalizando co grito divertidísimo de "Terra a nosa!"

Rematouse a Romaxe despois da unha da madrugada.

A arribada á Cruña, do coro compostelano "Cántigas e Agarimos", foron ao cemiterio depositando coroas de flores nas campas de Curros, Pondal e Chané. Despois no cruceiro dos esquecidos, cantou o hino galego.

O noso agradecemento aos xenerosos rapaces polo feito que grandemente os honora.

## Enrique Peinador

Con motivo do viaxe que fixo á Cruña o notabilísimo coro "Agarimos da Terra", de Mondariz, tivemos a ledicia de dar unha aperta ao noso querido irmán, alma d'aquela agrupación cixebre, Enrique Peinador.

Nas poucas horas que parolamos con él tivemos ocasión de apreciar unha vez máis os seus entusiasmos e o seu amor pol-as cousas da Terra.

Saudamos con estas liñas ao querido irmán e reiterámoslle o noso agarimo e admiración pol-a patriótica labor que pol-o rexurdimento do galeguismo ven realizando decote.

## LECTURAS

LEMBRANÇAS DA TERRA.—Por Carlos de Passos.—  
Chronicas Históricas do Porto.

Con unha agarimosa dedicación do autor, temos recibido este libro cheo de intrín, no que o autor condensa con emoción grande, feitos e cousas da histórica cidade do Porto recollidos de manuscritos, documentos e obras existentes no Archivo Municipal e na Bibliotheca Pública Municipal.

Moito obrigado ao noso irmán Carlos Passos pola súa atención para conosco, e a nosa máis cumprida embora por obra tan meritória.

## PEPIÑA.—Novela por Francisca Herrera e Garrido

A ilustre poetisa galega Francisca Herrera, que foi congradada cos seus libros de poesías en idioma galego "Sorrisas e bágoas", "Almas de muller.—Volallas na luz", e derradeiramente a emocionante e sentida novela "Néveda", tivo a amabilidade de adicarnos un exemplar da súa novela "Pepiña" que moito agradecemos.

"Pepiña" é unha novela doce, sentida e emocional onde Francisca Herrera descocha o seu corazón todo sentimento e cheo de saudosas lembranzas.

E lástima que estea escrita en castellano, pois non é posible traducir as ideas a un idioma alleo. Francisca Herrera tivo precisión de facer uso de moitas palabras galegas e facer a tradución castelá ao marxe.

Baixo a impresión de "Néveda", non concebimos a Francisca Herrera escribindo en idioma alleo.

## ALBORADA.—Número extraordinario adicado ao "Día de Galicia."

Esta publicación meritísima, publicou un número extraordinario avalorado pol-as máis notables firmas de escritores galegos.

A portada e dibuxos ao "Inoleum", son debidos a M. Méndez e ao noso xenial Castelao, que preséntanos unha arte nova que fai lembrar os antigos estampado en buxo.

O sumario cheo de intrín, contén:

"Carón da Natureza.—Ser un gladiador", por Euxeno Montes; "O mito de Sant-lago", por Vicente Bisco; "Os esteos da nazonalidade", por A. Villar Ponte; "¡O sol!", por Ramón Cabanillas; "O que o sol por calabra", por M. Antonio; "O Iris dinámico", por L. Amado Carballo; "As irremediabes merancorias", por Manoel A.; "O símbolo do Arborea", e "O pino de Beni-Hassan", por V. Paz Andrade; "O cego", por Castela; "Estúxes", por L. A. Carballo, e "A serán", por X. Vidal Martínez.

## CÉLTIGA.—"Axúdate" e "O Menciñeiro", parrafeos de Charlón e Hermida, con un dibuxo en côres de A. Cebreiro.

Temos recibido o número 5 da publicación galega "Céltiga", que contén os parrafeos de Charlón e Hermida: "Axúdate" e "O menciñeiro". Dúas obras teatrais que foron postas no teatro da Irmandade da Fala na Cruña, máis de vinte veces, con un grande éxito. Charlón e Hermida son dos co-tembrantes de primeira forza xad e cheo conecidos en Galicia pol-as súas parrafadas que dan pancadas entre risas e veras.

"Axúdate" e "O menciñeiro" será esgotado nas librerías onde está posto á venda, pois moitos tiñan verdadeiros desexos de posuir tan graciosos parrafeos.

O número 6 de "Céltiga" conterá a novelliña curta "A cantureira" e anuncia que axiña publicará "Un ollo de vidro" (Memorias d'un esqueleto), do gran Castelao.

## LA REVISTA.—Quaderns de publicació quinzenal.—Números 161 e 162. - Juny.

Como decote, esta notabile publicación na que colaborar as mellores firmas da intelectualidade de Catalunya, trae un intrínsumo sumario: "Una política realista", onde Tomás Griés comenta a xuntanza feita pol-a "Conferencia Nacional Catalana"; "Les roses del marqués de Balanzó", por R. Barcabado; "El libro de L'home del qual es parla", por Cristófor de Domenec; "Jules Romains a Barceloná", por Joan Estelrich; "L'amor de la fugacitat", por Joan Badia; "Els llibres", "Les arts plásticas" (comentarios); "Revistas".

"La Revista", como as mellores publicacións da cultura catalana, dan sempre a sensación de unha cultura ultra-europea.

Lea vostede o próximo número de

# A NOSA TERRA

**RIALEDA**

Restaurant no Pasaxe

A Cruña

**Xosé Patiño**Bordados Artísticos  
Xogos de cama Confeccións  
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

**Paulino Freire****BOUZAS - VIGO**

Sucursas: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para  
barcos pesqueiros  
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-  
nado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido  
compreto para maquinaria e pesca

= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA =

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

**EFEKTOS NAVALES**

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores  
**F. BERTRAN E MIRAMBELL**  
Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-  
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.**“Patente-Salvavidas“**O mellor para pintar os fon-  
dos dos barcos. Ganou Di-  
proma de Honor, Gran pre-  
mio e medalla de ouro nas  
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

**F. Bertran e Mriambell**  
**VIGO-CRUÑA****ZINCKE HERMANOS**  
LIBRERÍA ——— PAPELERÍA  
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

= A CRUNA =

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**Lopez Abente**  
— REAL, 55 —A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-  
cimentos da súa crás que mais honran a Gali-  
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-  
tos.

Alfredo Lastres Canosa

**“La Encajera Española“**Fábrica de encaixes de fío  
Tecidos a man. Especialidade en  
aplicacións**Exportación Ibero-Americana****Almagro (Ciudad Real)****Novos Almacenes Coruñeses**Tecidos nacionás e estranxei-  
ros Vendas por maior e menor  
Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

**Viuda de H. Hervada**

Casa fundada en 1865

**A CRUÑA**FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión  
e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás  
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

**A CRUÑA****BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL**  
FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA**Enrique Iglesias Corral Barrio**

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra  
**A CRUÑA****Sobriños de José Pastor**  
**BANQUEIROS**

Casa fundada en 1776

A Cruña e Vigo



# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

**Próximas saídas DIRECTAMENTE da Cruña**

**Vapor Espagne 23 de Agosto**

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.250 a 1.275	1.300 a 1.325
Preferencia	»	825	875

A estos precios hai que añadir os impostos  
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA**

# Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

**AMSTERDAM**

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Vapor correo rápido **GELRIA 26 de Agosto**

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.<sup>a</sup> cras, **Ptas. 350** más impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.  
PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o **Agente General da Compañía en España:**

**D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario - Marina, 22—A CRUÑA**

# BANCO HISPANO-AMERICANO

==== **MADRID** ====

**Capital: 100 millós de ptas.**

**Dirección telegráfica: HISPAMER**

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérída, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todo os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	à vista.
2 1/3	por	100	id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a 6 id.
3	por	100	id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

# COMPANHÍA CHARGEURS REUNIS

E

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

**Liña Brasil-Plata**

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3.ª cras
19 de Agosto	<b>BELLE ISLE</b>	344'60 pesetas.
11 de Septiembre	<b>MOSELLA</b> (nuevo)	394'60 »

**Prezos en cámara**

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . . . Ptas.			1.315		1.565	1.693
En segunda crase. . . . . »			1.610		1.610	1.610
En segunda intermedia . . . »			575		575	575

**Aos prezos de cámara hai que aumentar os impostos**

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA

Telegramas "Chargeurs"

# Garage ALONSO

DE

Alfredo Alonso, S. en C.  
LA CORUÑA

Automóviles

Accesorios  
Neumáticos

GARAXES { Betanzos, 3  
Rosalia Castro, 1-3-5  
Xoán Flórez, 138

Oficiñas e despacho:  
Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica  
e Telefónica:  
Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:  
Oficiñas, núm. 417  
Garaxe, núm. 517

Liña directa coa inter-  
urbana

Conta corrente cor:  
Banco de Hespaña  
Banco Hespagnol do  
Río da Plata  
Banco Hisp. Americ.º  
Sobriños de J. Pastor



Bandaxes macizos  
«CONTINENTAL»  
con prensa hidráulica  
para o seu montaxe

Aceites e graxas  
das  
Mellores marcas

Automóviles  
de alquiler

Comisións  
e  
Representacións

GASOLINA  
vendas ao por  
maior e menor

**IMPORTACIÓN DIRECTA**

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX,  
HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamiós de transporte entre a Cruña Santiago,  
e viceversa

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA